

## NOTIFICACIÓN

<b>Expediente</b>	<b>2019104417</b>	
<b>Asunto</b>	<b>Aprobación Listaxe provisional programa Peque-educa en igualdade verán 2019</b>	

O alcalde do Concello de Ferrol, aprobou no día de hoxe, a seguinte resolución:

“Tendo en conta o informe proposta con data do 18 de xuño de 2019 e que literalmente di:

“Por Decreto de data do 4 de xuño de 2019, a concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller, aprobouse a realización do programa "Peque-educa en igualdade verán 2019".

Para solicitar dito programa abriuse un prazo de inscrición dende o 6 ao 13 de xuño.

Os campamentos lévanse a cabo en edificios públicos municipais, instalacións deportivas ou calquera outro centro de titularidade municipal. Excepcionalmente ou por motivos de interese público, o Concello poderá organizar os campamentos en espazos diferentes aos sinalados.

O servizo prestarase de luns a venres, agás festivos, nos seguintes horarios:

- Horario ordinario: De 9:30h a 13:30h
- Horario ampliado: De 8:30h a 14:30h

O requisito imprescindible é que o/a menor estea empradoado no Concello de Ferrol.

Debido ao límite de prazas , a adxudicación das mesmas, farase por rigoroso orde de inscrición.

Os/as participantes que non obtiveran praza quedarán en listaxe de agarda. En función das baixas que se produzan os/as nenos/as accederán ao campamento seguindo a orde na que figure na listaxe de agarda o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

Finalizado o prazo de inscrición e unha vez revisada a documentación presentada, propóñolle ao alcalde do Concello de Ferrol, que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe provisional dos campamentos Peque-Educa en Igualdade relacionados no ANEXO I.

**Segundo.-** Aprobar un prazo de cinco días para a presentación de reclamacións, contados dende o día seguinte ao da publicación da listaxe provisional no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.gal/Sede](http://www.ferrol.gal/Sede) electrónica/Taboleiro de Anuncios)“

Casa do Concello,

O secretario xeral

